

Circular Marzo 2020

PECHES CONTABLES DO EXERCICIO 2019

Unha vez feita a declaración e resumen de IVA, así como o modelo 347, vamos proceder os peches contables das sociedades. Para o cal iremos comunicando o resultado que queda na contabilidade e os axustes realizados para presentar as contas anuais e o imposto.

REALIZACIÓN DE INVENTARIO POR PARTE DAS EMPRESAS:

Recordamos que as empresas deben de facer o INVENTARIO do ano pasado a data 31-12-2019.

SUBVENCIONS: AUTONOMOS, BONOAUTÓNOMO, INNOVA, NOVA OPORTUNIDADE, RENOVA, CONCILIA E PROGRAMA DE EMPREGO PARA MULLER

A principio de mes xa informamos do Bono Autónomo que xa estamos tramitando, rematando o prazo o 4 de marzo. Os outros bonos son para casos máis específicos e hai prazo ata o 30-09-20. Tamén saíron as subvencións de programas de emprego para muller.

Entre elas saíron as de todos os anos:

SUBVENCION DE AUTONOMOS:

*Ser demandante de emprego.

*Periodo subvencionable: as altas na S.Social que se formalicen dende o 01/10/2019 ata o 30/09/2020.

*Cuantía: 2.000 a 4.000, podendo incrementase nun 25% máis en función do colectivo.

SUBVENCIONS CONTRATACION:

Axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas.

Persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais pola primeira, segunda e terceira contratación que realicen con

carácter indefinido durante o seu primeiro ano de actividade.
Para todas estas axudas, si estas interesado contacta con Nós
para maior información.

ENVIO DE DOCUMENTOS

Enviamos informe laboral correspondente o exercicio 2019.